

MEMORIA DE ACTIVIDADES

RESERVA DA BIOSFERA OS ANCARES

LUCENSES E MONTES DE CERVANTES,

NAVIA E BECERREÁ

2025

1. Introducción

Esta memoria recolle as actividades desenvoltas na anualidade 2025 pola Reserva da Biosfera Os Ancares Lucenses e Montes de Cervantes, Navia e Becerreá (en adiante, Os Ancares Lucenses), declarada pola Unesco o 27/10/2006.

A Reserva da Biosfera Os Ancares Lucenses conta dende o ano 2024 co seu segundo Plan de Xestión, aprobado polo órgano de xestión da Reserva seguindo un trámite de participación pública que permitiu a implicación efectiva dos cidadáns nas tomas de decisións que afectan ao territorio.

O trámite de participación pública incluíu a exposición pública do Plan durante 2 meses (23/12/2023–22/02/2024), a consulta técnica a través da celebración de 2 mesas sectoriais centradas na conservación do medio ambiente e no desenvolvemento socioeconómico da Reserva celebradas o 19 de marzo de 2024, e o estudo das alegacións e suxestión presentadas. Finalmente, o 19 de xuño de 2024 o Órgano de Participación informou e o Órgano Reitor da Reserva da Biosfera Os Ancares Lucenses aprobou definitivamente este Plan de Xestión.

O Plan de Xestión da RB Os Ancares Lucenses 2024–2034 estrutúrase en 4 grandes liñas, establecidas en conformidade cos obxectivos e directrices do Programa Home e Biosfera e, concretamente, coas contidas no Plan de Acción de Lima para a Rede Mundial das Reservas da Biosfera, e no Plan de Acción de Ordesa – Viñamala para a Rede de Reservas da Biosfera Españolas:

Liña 1 Xestión adaptativa da Reserva da Biosfera

Liña 2 Función de conservación da Reserva da Biosfera

Liña 3 Función de desenvolvemento socio–económico da Reserva da Biosfera

Liña 4 Función de apoio loxístico da Reserva da Biosfera

Cada unha das Liñas do Plan de Xestión vincúlase cos obxectivos contemplados no Plan de Acción de Lima para a Rede Mundial das Reservas da Biosfera e o Plan de Acción de Ordesa–Viñamala para a Rede Española de Reservas da Biosfera, incorporando no ámbito da función de conservación as liñas contempladas no Convenio sobre a Diversidade Biolóxica, así como os obxectivos e metas fixados no 2022 no Marco mundial Kunming–Montreal da diversidade biolóxica.

O número final de accións expostas no Plan é de 14: 4 na liña de Xestión adaptativa da Reserva da Biosfera, 3 para a liña de Actuacións vinculadas coa función de conservación, 4 para a liña de Actuacións vinculadas coa función de desenvolvemento socio-económico, e 3 actividades ligadas á función de apoio loxístico da Reserva da Biosfera.

2. Configuración do Órgano de Xestión da RB Os Ancares Lucenses

O Regulamento do Órgano de Xestión da Reserva da Biosfera Os Ancares Lucenses (publicado no Boletín Oficial de la Provincia BOP de Lugo nº 76 do 04/04/2011) pode consultarse na web oficial da RB no seguinte enlace:

https://osancareslucenses.deputacionlugo.org/wp-content/uploads/2023/08/REGULAMENTO_RB_ANCARES_LUCENSES-1.pdf

No Regulamento indícase que o Órgano de Xestión da Reserva da Biosfera Os Ancares Lucenses é un órgano especial da administración sen personalidade xurídica propia, para a xestión da Reserva, que se constitúe ao amparo do disposto no artigo 85.2.A).a) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, e no artigo 67.1.b) do Regulamento de Servizos das Corporacións Locais, e que se rexe polo presente Regulamento e sometido ao resto do ordenamento xurídico.

O órgano de xestión da Reserva da Biosfera de Os Ancares Lucenses está integrado na Deputación Provincial de Lugo, tendo por obxecto a realización de accións para a súa planificación e xestión, e está composto polos seguintes órganos:

1. Un Órgano Reitor (órgano de goberno e xestión da Reserva)
2. Un Órgano de Participación (órgano consultivo da Reserva)

2.1 Órgano Reitor

O Órgano Reitor é o órgano de goberno e xestión da Reserva, dende o cal se asumen as funcións de deliberación, decisión e execución.

A composición actual do Órgano Reitor é a seguinte:

- Presidente: Presidente da Deputación de Lugo.
- Vicepresidente: Deputado delegado da Área de Medio Ambiente
- Secretaria: Secretario Xeral da Deputación de Lugo
- Vogais:
 1. Representante do Grupo Provincial Popular
 2. Representante do Grupo Provincial do Bloque Nacionalista Galego
 3. Representante do Grupo Provincial Socialista
 4. Representante da Administración Xeral do Estado: Secretario do Comité español do Programa MaB, por delegación da titular do Ministerio con competencias en medio ambiente
 5. Representante da Xunta de Galicia: Xefe Territorial de Lugo da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático, por delegación da titular desta Consellería.
 - 6 y 7. Dous técnicos de recoñecido prestixio e de adecuados coñecementos técnicos, do ámbito universitario e científico: dous técnicos da Universidade de Santiago de Compostela (USC).

2.2 Órgano de Participación

O Órgano de Participación da Reserva ten como obxectivo servir de apoio, asesoramento e consulta ao Órgano Reitor, mediante o estudo e debate dos instrumentos e actuacións relativas á Reserva, en particular das que se aborden no marco do seu Plan de Xestión, así como participar activamente na xeración de novas iniciativas; en todo caso, non terá facultades decisorias.

O Regulamento do órgano de xestión establece no artigo 25 a súa composición:

- Presidente do Órgano de Participación será o da Deputación, ou deputado/a en quen delegue.

- Entre os vogais haberá un representante de cada un dos grupos constituídos no seno da Corporación da Deputación, debendo así mesmo formar parte deste un representante de cada un dos 3 Concellos que teñan todo ou parte do seu termo municipal na Reserva de la Biosfera: Becerreá, Cervantes e Navia de Suarna.
- No Órgano de Participación poderán participar os representantes sociais de sectores interesados no desenvolvemento da Reserva a través de entidades con implantación na zona.

Por esta razón, na sesión constitutiva do Órgano de Participación da Reserva da Biosfera Os Ancares Lucenses celebrada o día 28 de outubro de 2011, acordouse convocar ás entidades, asociacións e grupos que puideran ter interese no desenvolvemento da Reserva da Biosfera Os Ancares Lucenses, xestionada pola Deputación Provincial de Lugo, para que presentasen as súas candidaturas a fin da súa inclusión no Órgano de Participación (Anuncio publicado no Boletín Oficial de la Provincia de Lugo (BOP) nº 248 do día 29/10/2011). Segundo o anuncio, podían presentar as súas candidaturas as seguintes entidades:

- Representantes das organizacións agrarias do ámbito territorial da Reserva.
- Representantes das comunidades de montes veciñais en man común do ámbito territorial da Reserva.
- Representantes das organizacións ecoloxistas do ámbito territorial da Reserva.
- Representantes das organizacións de turismo rural e/ou casas rurais do ámbito territorial da Reserva.
- Representantes das asociacións de defensa do Patrimonio do ámbito territorial da Reserva.
- Representantes de asociacións que, polo seu interese, coñecementos, experiencia ou sensibilidade, consideren que deben pertencer ao Órgano de Participación, sempre que sexan do ámbito territorial da Reserva.

Seguindo este procedemento, o Órgano de Participación naceu no 2011 con 7 membros (1 Presidente, 3 representantes dos grupos políticos da Deputación e 3 representantes dos Concellos), e posteriormente, coa primeira convocatoria pública para asociacións, contaba con 10 membros (1 Presidente, 3 representantes dos grupos políticos da Deputación, 3 representantes dos Concellos e 3 asociacións).

O Órgano de Xestión da Reserva da Biosfera acordou manter esta convocatoria aberta permanentemente, de xeito que todos os anos recíbense novas solicitudes de ingreso no Órgano de Participación, as cales son presentadas e informadas no Órgano de Participación e aprobadas no Órgano Reitor. No ano 2013 incorporáronse 4 novas entidades, 5 entidades no ano 2016, 1 entidade no ano 2017, 3 entidades no ano 2019, 1 entidade no ano 2020, 5 entidades no ano 2021, 3 entidades no 2022, 4 entidades no 2024, 4 entidades en febreiro de 2025 e 3 entidades solicitaron o seu ingreso ata decembro de 2025.

Na actualidade, o Órgano de Participación está conformado polo seu Presidente, representantes dos 3 grupos políticos da Deputación, representantes dos 3 Concellos que conforman a Reserva e un total de 33 entidades con implantación no territorio que representan aos sectores interesados no desenvolvemento da Reserva (patrimonio natural, patrimonio cultural, mulleres rurais, veciños, comunidades de montes, desenvolvemento rural, saúde, produtos artesanais, actividades deportivas, pescadores, apicultores, etc.):

- Presidente: Presidente da Deputación de Lugo

- Vogais:

1. Representante do Grupo Provincial Popular
2. Representante do Grupo Provincial do BNG
3. Representante do Grupo Provincial Socialista
4. Representante do Concello de Becerreá
5. Representante do Concello de Cervantes
6. Representante do Concello de Navia de Suarna

7. Representante da Asociación Rurancares
8. Representante da Sociedade Galega de Historia Natural (SGHN)
9. Representante do Sindicato Labrego Galego
10. Representante da Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galiza (ADEGA)
11. Representante da Asociación Galega de Custodia do Territorio
12. Representante da Sociedade Micolóxica Lucus
13. Representante da Asociación Montes e Vales Orientais
14. Representante do Colectivo Patrimonio dos Ancares
15. Representante da ANPA do CPI San Xoán de Becerreá
16. Representante da ANPA do CPI de Cervantes
17. Representante da Asociación de Mulleres Rurais Leticia de Navia de Suarna
18. Representante da Asociación de Mulleres Rurais Alecrín de Cervantes
19. Representante da Asociación Cultural “O Teixeiro”
20. Representante da Sociedade Cooperativa A Carqueixa
21. Representante da Asociación Ser
22. Representante da Asociación Cultural Val dos Corzos
23. Representante da Asociación Veciñal Irmandade Navega
24. Representante da Asociación Cultural Lucus Augusti
25. Representante da Asociación Rente ao Couce
26. Representante da Asociación Teitos de Piornedo
27. Representante da Asociación Propietarios Montes de Piornedo
28. Representante da Asociación Corripa

- 29. Representante da Asociación A Cambela
- 30. Representante da Asociación Galega de Operadores Artesanais de Alimentación
- 31. Representante da Asociación Cultural Deportiva Chao de Sebes
- 32. Representante da Asociación Provincial Lucense de Apicultores
- 33. Representante da Asociación Castaño y Nogal
- 34. Representante do Clube Marcha Nórdica Nordic Walking Lugo
- 35. Representante da Asociación Xuventude do Navia
- 36. Representante da Asociación Territorio Verde
- 37. Representante da Asociación Cultural Deportiva ACuDe Dumia Cervantes
- 38. Agrupación Municipal de Voluntarios de Protección Civil de Cervantes
- 39. Asociación de Veciños O Fabal

A composición do Órgano de Participación pode consultarse de xeito actualizado na web oficial da Reserva da Biosfera no seguinte enlace:

<https://osancareslucenses.deputacionlugo.org/op-miembros/>

Dende a celebración das últimas reunións dos Órganos de Participación e Reitor (o 20/02/2025), recibíronse 3 solicitudes de ingreso de entidades do territorio ao Órgano de Participación:

- 40. Asociación Cultural Deiquí
- 41. Comunidade de Monte Veciñal en Man Común Travesa do Comeal
- 42. Asociación de Mulleres Rurais Argalleiras

Estas solicitudes serán presentadas e aprobadas, se procede, nas vindeiras reunións do Órgano de Xestión da Reserva programadas para o 16 de decembro de 2025.

Trátase, pois, dun Órgano de Participación aberto, inclusivo e con entidades representativas do territorio, que segue medrando anualmente, a medida que a

Reserva da Biosfera Os Ancares Lucenses xera máis interese na poboación local, grazas aos proxectos e actuacións que se están a executar no territorio vencelladas ás súas funcións de conservación, desenvolvemento socio-económico sostible e de apoio loxístico.

3 Orzamento

No Capítulo VI “Réxime xurídico e económico” do Regulamento establécese:

“Artigo 29. Recursos

Para a realización das súas finalidades, o órgano de xestión da Reserva disporá dos recursos seguintes:

- a) Aportacións da Deputación Provincial de Lugo.*
- b) Aportacións e subvencións de toda índole procedentes doutras entidades oficiais e de persoas particulares.*
- c) Os ingresos procedentes do seu patrimonio, incluídos os procedentes da súa actividade.*
- d) Donativos e outros fondos obtidos por calquera outro título admitido en dereito.*

Artigo 30. Orzamento

1. O órgano de xestión non conta con orzamento propio, senón coa asignación de aplicacións orzamentarias dentro do orzamento xeral da Deputación, polo que a súa regulación será a propia do orzamento da Deputación.”

No Orzamento xeral da Deputación de Lugo, en especial na Área de Medio Ambiente, contéplanse partidas orzamentarias dende as que se financian as actuacións da Reserva da Biosfera Os Ancares Lucenses, así como o persoal. Fundamentalmente, estas partidas son:

1720 Protección e mellora do medio ambiente

1725 Reserva da Biosfera Os Ancares Lucenses

O Orzamento Xeral da Deputación de Lugo do ano 2025 foi aprobado definitivamente no Pleno celebrado o 27/12/2024, coa seguinte dotación nas partidas orzamentarias:

1720 Protección e mellora do medio ambiente: 2.189.479,86 €

1725 Reserva da Biosfera Os Ancares Lucenses: 202.200,00 €

Ademais destas partidas orzamentarias de carácter ordinario, tal e como establece o Regulamento do Órgano de Xestión, a Reserva da Biosfera pode obter financiación doutras administracións públicas (vía convocatoria pública de subvencións ou vía convenios de colaboración), cuxos orzamentos son incorporados en partidas orzamentarias específicas do Orzamento Xeral da Deputación de Lugo, en función das súas anualidades de execución.

A liquidación do Orzamento Xeral da Deputación Provincial de Lugo do exercicio 2025, que inclúe o resultado orzamentario do referido exercicio, deberá confeccionarse antes do 1 marzo de 2026.

4. Actividades da Reserva da Biosfera Os Ancares Lucenses no 2025

As actividades desenvoltas durante a anualidade 2025 preséntanse a continuación desglosadas nas catro liñas de actuación do Plan de Xestión da Reserva da Biosfera Os Ancares Lucenses:

- Liña 1 Xestión adaptativa da Reserva da Biosfera
- Liña 2 Función de conservación da Reserva da Biosfera
- Liña 3 Función de desenvolvemento socio-económico da Reserva da Biosfera
- Liña 4 Función de apoio loxístico da Reserva da Biosfera

Liña 1 Xestión adaptativa da Reserva da Biosfera

Acción 1.1 Manter os órganos da Reserva e fortalecer o seu funcionamento

- Celebración das reunións do Órgano de Participación e do Órgano Reitor da Reserva da Biosfera Os Ancares Lucenses o 20 de febreiro e o 16 de decembro de 2025 no Edificio de Servizos Múltiples de San Román de Cervantes.

- Aprobación da incorporación de novos membros ao Órgano de Participación da Reserva da Biosfera: Asociación Territorio Verde, Asociación ACuDe Dumia Cervantes, Agrupación de Voluntarios de Protección Civil de Cervantes, Asociación de Veciños O Fabal (aprobadas na reunión do Órgano Reitor do 20 de febreiro de 2025); Asociación Cultural Deiquí, Comunidade de Monte Veciñal en Man Común Travesa do Comeal, Asociación de Mulleres Rurais Argalleiras (aprobadas, se procede, na reunión do Órgano Reitor do 16 de decembro de 2025).

Acción 1.2 Colaborar cos órganos de xestión doutras figuras de áreas protexidas, declaradas no territorio

- Emisión de informe o día 14 de xullo de 2025 relativo á solicitude da Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Sostibilidade da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático sobre o documento de alcance do estudo ambiental estratéxico do Plan Xeral Galego de Saneamento 2027–2032 promovido por Augas de Galicia (clave 2025AAE2997).

Acción 1.3 Fortalecer as sinerxías coas entidades públicas e privadas do territorio

- Aprobación e execución da convocatoria da liña de subvencións en concorrencia competitiva para actividades (gastos correntes) de posta en valor do patrimonio natural, cultural e paisaxístico das Reservas da Biosfera Terras do Miño e Os Ancares Lucenses durante a anualidade 2025, dotada con 70.000 € para entidades sen ánimo de lucro da Reserva da Biosfera Os Ancares Lucenses, publicada no BOP nº 99 do 2 de maio de 2025.
- Aprobación e execución da convocatoria da liña de subvencións en concorrencia competitiva para proxectos (inversións) de posta en valor do patrimonio natural, cultural e paisaxístico das Reservas da Biosfera Terras do Miño e Os Ancares Lucenses durante a anualidade 2025, dotada con 50.000 € para entidades sen ánimo de lucro da Reserva da Biosfera Os Ancares Lucenses, publicada no BOP nº 99 do 2 de maio de 2025.
- Asistencia á xornada “Aspectos normativos e administrativos da custodia do territorio para entidades locais” organizado pola Rede de Gobernos Locais

+Biodiversidad da FEMP en colaboración coa Plataforma de Custodia do Territorio da Fundación Biodiversidad, en formato virtual o día 28 de outubro de 2025 cunha duración de 2 horas.

- Tramitación da solicitude de subvención excepcional presentada o día 28 de outubro de 2025 pola Asociación Ser para sufragar os gastos derivados da execución da actuación denominada “Proposta de elaboración dixital de libro e mapa da paisaxe cultural e astronómica da Reserva da Biosfera Os Ancares Lucenses” para a anualidade 2025.

Acción 1.4 Estratexia de comunicación e difusión da Reserva

- Mantemento e actualización da páxina web da Reserva da Biosfera Os Ancares Lucenses durante a anualidade 2025: <https://osancareslucenses.deputacionlugo.org/>.
- Aprobación da memoria anual 2025 de actividades da Reserva no órgano de xestión da Reserva da Biosfera Os Ancares Lucenses e difusión na web da Reserva: <https://osancareslucenses.deputacionlugo.org/memorias-anuais-de-actuacions/>.
- Celebración do Día Internacional das Reservas da Biosfera o 3 de novembro de 2025 con publicacións en redes sociais e páxina web de proxectos e iniciativas na Reserva da Biosfera Os Ancares Lucenses.
-

Liña 2 Función de conservación da Reserva da Biosfera

Acción 2.1 Asegurar o mantemento e o estado de conservación favorable dos compoñentes da Biodiversidade e Xeodiversidade da Reserva

- Colaboración co Instituto de Estudos do Territorio da Xunta de Galicia a raíz da comunicación remitida o 26 de maio de 2025 na que identifica o Proxecto de recuperación, conservación e aproveitamento económico sostible dos soutos na Reserva da Biosfera Os Ancares Lucenses e Montes de Cervantes, Navia e Becerreá como unha boa práctica relacionada con árbores para o proxecto GIFT

(Infraestrutura Verde de bosques e árbores), no marco do programa Interreg Europe.

- Participación no III Seminario Temático Interregional, celebrado en Riga (Letonia) durante os días 24 e 25 de setembro de 2025 coa presentación do Proxecto de recuperación, conservación e aproveitamento económico sostible dos soutos na Reserva da Biosfera Os Ancares Lucenses e posterior publicación como boa práctica na web da Comunidade Interreg Europe:

<https://www.interregeurope.eu/good-practices/recovery-conservation-sustainable-use-of-chestnut-trees-in-biosphere-reserve-os-ancares>

Acción 2.2 Conectividade ecolóxica e infraestruturas verdes

- Asistencia á xornada informativa virtual sobre as convocatorias da Fundación Biodiversidad de “Impulso da renaturalización das cidades” e “Impulso da investigación en infraestrutura verde” organizada pola FEMP o día 20 de xaneiro de 2025 cunha duración de 2 horas.
- Execución dun inventario entomolóxico das especies representativas da Reserva da Biosfera Os Ancares Lucenses para o estudo dos servizos ecosistémicos que xeren durante a anualidade 2025, cun prazo de execución de 12 meses (do 26 de febreiro de 2025 ao 26 de febreiro de 2026).
- Asistencia á xornada informativa virtual sobre a "Actualización do Estudo Económico para a Licitación dos Servizos de Conservación e Mantemento da Infraestrutura Verde" organizada pola FEMP, a Asociación de Empresas de Xestión de Infraestrutura Verde (ASEJA) e a Asociación Española de Parques e Xardíns Públicos (AEPJP) o día 1 de xullo de 2025, cunha duración de 1,5 horas.
- Asistencia á “II Xornada Técnica sobre Planificación de Estratexias de Infraestrutura Verde a Nivel Local” organizada polo Instituto de Estudos do Territorio e a EGAP o día 14 de novembro de 2025 cunha duración de 4 horas.

Liña 3 Función de desenvolvemento socio-económico da Reserva da Biosfera

Acción 3.1 Responsabilidade social

- Asistencia ás xornadas online sobre a “Directriz técnica sobre Xestión de Colonias Felinas” organizada pola FEMP e a Dirección Xeral de Dereitos dos Animais do Ministerio de Dereitos Sociais, Consumo e Axenda 2030 os días 24 de abril, 5 de maio, 21 de maio e 24 de setembro de 2025, cunha duración total de 8 horas.
- Colaboración coa Fundación Biodiversidad e a Secretaría Española do Programa MaB no deseño do Programa de capacitación para o emprendemento en Reservas da Biosfera, no marco da Rede Empreverde, e asistencia a reunións virtuais os días 26 de marzo, 3 de abril e 7 de outubro.
- Celebración dos campus de emprendemento sostible na Reserva da Biosfera Os Ancares Lucenses nos centros educativos: IES de Becerreá con visita a Casa Quiñones e celebración dun obradoiro de lá de ovella, o 22 e 23 de abril; CFEA de Alta Montaña de Becerreá con visita a Casa Quiñones e asistencia de representantes de A Carqueixa, Embutidos Suarna e Gandaría extensiva de Ana de Molmeán, os días 22 e 25 de abril.

Acción 3.2 Medio rural

- Convenio da subvención excepcional outorgada pola Deputación de Lugo á Asociación Agrogandeira e de Desenvolvemento Rural Agro Noso (formalizado o 18 de abril de 2023) para a execución do “Programa divulgativo e de asesoramento sobre a forestación e reforestación como sumidoiro natural de carbono na provincia de Lugo” na anualidade 2025.
- Apoio á candidatura de D^a. Alba Fernández Arias e a súa iniciativa Espazo A Maceta para a XVI Edición dos Premios ao Desenvolvemento Rural de AGADER na Categoría de Mulleres mediante unha carta de apoio asinada o 19 de agosto de 2025.
- Convenio da subvención nominativa outorgada pola Deputación de Lugo á Asociación Provincial Lucense de Apicultura de Lugo (formalizado o 28 de

agosto de 2025) co obxecto de colaborar no financiamento dos gastos derivados das actividades da asociación, edición da revista de apicultura O Cortizo na anualidade 2025.

Acción 3.3 Medio urbano a áreas grises

- Asistencia ao seminario online organizado polo Eixo Atlántico no ámbito do grupo de traballo “Greening Cities” da Axenda Urbana Europea sobre a renaturalización do espazo urbano, denominado “Desenvolvemento dun itinerario para restauración de ecosistemas urbanos” o día 22 de abril de 2025.

Acción 3.4 Actividades de uso público

- Actuacións de posta en marcha do Destino Turístico Starlight Ancares Lucenses" durante a anualidade 2025 (duración de ano dende a adxudicación o 16 de xullo de 2024) coa selección de ubicacións para miradoiros astronómicos, deseño gráfico de paneis, carteis e mapa astronómico e señalética da estrela polar e elaboración do contido científico e astronómico.
- Colaboración coa Asociación de Ecoturismo de España no Proxecto do Corredor de Ecoturismo da España Verde nas Comunidades Autónomas de Galicia, Asturias, Cantabria e País Vasco durante a anualidade 2025, coa preparación de información da Reserva da Biosfera e asistencia a reunións o 10 de marzo de 2025.
- Participación no grupo de traballo do Consello de Xestores para o establecemento dun procedemento de selección de representantes da mocidade nas Reservas da Biosfera españolas e a creación da Rede Nacional de Mozos e Mozas das Reservas da Biosfera españolas e asistencia ás 5 reunións online celebradas o 14 de febreiro, 9 de abril, 14 de maio, 2 de xullo e 23 de xullo de 2025.
- Celebración do encontro sobre turismo sostible entre a Federación Galega de Turismo Rural (FEGATUR) e a Deputación de Lugo o 27 de febreiro de 2025 no Centro de Interpretación Terras do Miño e visita ao Mazo de Santa Comba.

- Participación no Consello Provincial de Turismo en representación da Reserva da Biosfera Os Ancares Lucenses, nas reunións celebradas os días 28 de febreiro, 12 de setembro e 12 de decembro de 2025.
- Asistencia á Feira Biocultura 2025 na Coruña con stand propio e celebración de presentacións de proxectos das Reservas da Biosfera Terras do Miño e Os Ancares Lucenses do 7 ao 9 de marzo de 2025.
- Colaboración coa Asociación de Ecoturismo de España na incorporación de empresas do territorio da Reserva da Biosfera Os Ancares Lucenses ao Clube de Produto Ecoturismo de España e a súa marca “Soy Ecoturista” a través de asistencia á xornada online do 10 de marzo e a remisión da información de interese solicitada da Reserva da Biosfera o 5 de xuño de 2025.
- Participación no grupo de traballo da posta en marcha do proxecto “Tapiz de refranes” da Rede Española de Reservas da Biosfera e asistencia ás 5 reunións online celebradas o 23 de abril, 23 de maio e o 3 de outubro de 2025
- Asistencia á VIII Feira de Turismo do Eixo Atlántico – Expocidades do 2 ao 4 de maio en Sarria con stand propio e divulgación das Reservas da Biosfera Terras do Miño e Os Ancares Lucenses.
- Asistencia á Feira Expomar 2025 en Burela con stand propio e divulgación das Reservas da Biosfera Terras do Miño e Os Ancares Lucenses do 7 ao 10 de maio de 2025.
- Asistencia á Feira Expovacaciones 2025 en Bilbao con stand propio e divulgación das Reservas da Biosfera Terras do Miño e Os Ancares Lucenses do 9 ao 11 de maio de 2025.
- . Asistencia á Feira Produart 2025 en Burela con stand propio e divulgación das Reservas da Biosfera Terras do Miño e Os Ancares Lucenses do 1 ao 3 de agosto de 2025.
- Asistencia á “Feira L de Lugo” o 26 e 27 de outubro de 2025 no Pazo de Feiras e Congresos de Lugo con stand propio e divulgación das Reservas da Biosfera Terras do Miño e Os Ancares Lucenses.

- Participación na quinta edición da Festa da Tenreira na Reserva da Biosfera Os Ancares Lucenses celebrada o 8 de novembro de 2025 en San Román de Cervantes.
- Asistencia á “Feira Xantar 2025 - 26º Salón Internacional de Turismo Gastronómico” do 20 ao 23 de novembro de 2025 en Ourense con stand propio e divulgación das Reservas da Biosfera Terras do Miño e Os Ancares Lucenses.

Liña 4 Función de apoio loxístico da Reserva da Biosfera

Acción 4.1 Seguimento de compoñentes ecolóxicos e ambientais

- Convenio da subvención nominativa outorgada pola Deputación de Lugo á Sociedade Micolóxica Lucus (formalizado o 1 de xullo de 2025) co obxecto de colaborar no financiamento dos gastos derivados da actuación “Elaboración dunha publicación de contido naturalista e medioambiental” na anualidade 2025, coa 12ª edición da Revista Micolucus (2025), que inclúe traballos científicos dos territorios das Reservas da Biosfera Terras do Miño e Os Ancares Lucenses.
- Colaboración co IBADER na solicitude dunha Cátedra UNESCO Reservas da Biosfera Atlánticas: Biodiversidade, Infraestrutura Verde e Desenvolvemento Rural concedida polo Programa UNITWIN/ Cátedras UNESCO, concedida finalmente en novembro de 2025.

Acción 4.2 Actividades educativas e desenvolvemento de capacidades

- Programa trimestral de actividades de educación e divulgación ambiental celebradas nos 2 concellos da Reserva da Biosfera Os Ancares Lucenses na anualidade 2025, coa celebración de 24 actividades.
- Celebración do Programa “Coñece a túa provincia” con visitas a Piornedo (Cervantes) e Navia de Suarna: Asociación Veciñal Os Milagres de Saavedra o día 6 de maio; Asociación Cultural O Pasatempo o 13 de maio; Asociación Cultural e Xuvenil Castro de Rey de Lemos o 23 de maio; Asociación Provincial de Amas de Casa e Consumidores de Lugo Lucus o 27 de maio; Asociación

UDP Local de Pensionistas e Jubilados de Pol o 10 de xuño; Asociación de Vecinos San Julián o 19 de xuño; Asociación Veciñal Pensa de San Xoán de Alaxe-O Valdouro o 24 de xuño; e Asociación Cultural Segredos de Pantón o 17 de outubro.

- Celebración de actividades medioambientais no centro de atención a maiores (CAM) de Navia de Suarna: Obradoiro “Creación dun pequeno horto terapéutico en maceta” do 3 ao 7 de febreiro; Obradoiro “Plantas aromáticas e aplicación sensorial” do 10 ao 14 de febreiro; Obradoiro “Cestería” do 5 ao 9 de maio; Obradoiro “Manualidades con arte primaveral” os días 24, 25, 28, 29 e 30 de abril; Obradoiro “Econadal creativo” do 27 ao 31 de outubro; Obradoiro “Plantas aromáticas e medicinais” do 20 ao 24 de outubro.
- Entrega de material didáctico e divulgativo da Reserva da Biosfera Os Ancares Lucenses aos alumnos italianos de intercambio Erasmus no IES Xoan Montes de Lugo que visitaron a Deputación de Lugo o 6 de maio de 2025.
- Colaboración con alumna do Grao Superior de Xestión Forestal e Medio Natural coa autorización de uso de material audiovisual da Reserva da Biosfera Os Ancares Lucenses o 16 de maio de 2025 para o seu Proxecto de Fin de Grao sobre educación ambiental.
- Entrega dos premios da Convocatoria do VIII Concurso de Fotografía “O patrimonio etnográfico material das Reservas da Biosfera Terras do Miño e Os Ancares Lucenses” da anualidade 2025, o 3 de xullo de 2025 no Centro de Interpretación Terras do Miño.
- Recepción de alumnos da materia de “Planificación e Xestión de espazos naturais” do Máster de Enxeñería de Montes do Campus de Lugo da USC o 21 de outubro de 2025 na Casa das Insuas e presentación do modelo de xestión e gobernanza das Reservas da Biosfera Terras do Miño e Os Ancares Lucenses.

Acción 4.3 Redes

Rede Mundial de Reservas da Biosfera

- Participación o 10 de xaneiro de 2025 na consulta realizada polo Programa MaB da Unesco a nivel mundial sobre o primeiro borrador da nova Estratexia e Plan de Acción do Programa MaB (2026–2035).
- Participación no V Congreso Mundial de Reservas da Biosfera da UNESCO como membro da Delegación Española, celebrado en Hangzhou (China) do 22 ao 26 de setembro de 2025.

Rede Mundial de Reservas da Biosfera de Montaña

- Asistencia á reunión da Rede Mundial de Reservas da Biosfera de Montaña celebrada no V Congreso Mundial de Reservas da Biosfera en Hangzhou (China) o 23 de setembro de 2025.

Rede IberoMaB (Rede de Reservas da Biosfera de Iberoamérica e o Caribe, España e Portugal)

- Asistencia ao seminario formativo virtual “Fontes de Financiación na Rede IberoMaB” organizado pola Rede IberoMaB, co apoio do Organismo Autónomo de Parques Nacionais (OAPN), a UNESCO e o Centro de Extensión Universitaria e Divulgación Ambiental de Galicia (CEIDA) os días 25 e 26 de marzo cunha duración de 6 horas.
- Asistencia á sesión informativa online da Rede IberoMaB sobre o V Congreso Mundial de Reservas da Biosfera e o novo Plan de Acción Estratéxica do Programa MaB e a Rede Mundial de Reservas da Biosfera o 15 de abril de 2025.
- Participación na reunión informativa do Consello Executivo da Rede IberoMaB celebrada o 24 e o 25 de setembro no V Congreso Mundial de Reservas da Biosfera celebrado en Hangzhou (China).

Rede Española de Reservas da Biosfera

- Desempeño das funcións de Secretaría do Consello de Xestores e representante deste Consello no Comité Español do Programa MaB durante toda a anualidade 2025.
- Colaboración coa Secretaría do Comité Español do Programa MaB (OAPN) na elaboración dos boletíns de noticias cuatrimestrais da Rede Española de Reservas da Biosfera durante a anualidade 2025 (nº 40 de abril de 2025 e nº 41 de decembro de 2025 publicados na web da Rede Española de Reservas da Biosfera (<http://rerb.oapn.es/documentacion-y-difusion/boletines>)).
- Colaboración co Consello Científico do Comité Español do Programa MaB na avaliación da situación dos ODS e a Axenda 2030 na Rede Española de Reservas da Biosfera a través dunha enquisa remitida o 24 de febreiro de 2025.
- Asistencia á reunión de traballo entre o Secretario do Comité Científico e os xestores das Reservas da Biosfera de Galicia o 28 de maio de 2025 no IBADER (Lugo) para a cumprimentación do formulario bianual de indicadores de seguimento das Reservas da Biosfera Españolas do período 2023–2024.
- Asistencia á xornada online o 26 de xuño de 2025 de presentación dos estudos realizados polo Consello Científico do Comité Español do Programa MaB durante a anualidade 2024 (Capacidade de sumidoiros de carbono das RB españolas; Contribución xurídica á diagnose para a mellora regulatoria dos instrumentos de gobernanza das RB españolas; Análise e diagnose da situación das RB españolas e o seu compromiso dos ODS e as Axendas 2030 – situación actual e perspectivas de futuro; A zonificación nas RB españolas: avaliación e reflexión).
- Participación na 24ª reunión ordinaria do Consello de Xestores da Rede Española de Reservas da Biosfera celebrada os días 15 e 16 de setembro de 2025 no Centro de Extensión Universitaria e Divulgación Ambiental de Galicia (CEIDA) no Castelo de Santa Cruz en Oleiros.

- Participación na 26ª Reunión do Comité Español do Programa MaB da UNESCO celebrado no Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico en Madrid o 18 de setembro de 2025.
- Remisión o día 16 de outubro de 2025 da documentación solicitada pola Secretaría Española do Programa MaB en virtude da Estratexia de Fortalecemento da Rede Española de RB en relación á gobernanza (órgano de xestión, órgano de participación e plan de xestión).
- Participación no grupo de traballo entre a Secretaría do Comité Español do Programa MaB, o Consello Científico e o Consello de Xestores para a resolución de discrepancias nas revisións decenais das Reservas da Biosfera españolas, con asistencia ás reunións online celebradas os días 28 de outubro, 11 de novembro, 18 de novembro e 25 de novembro de 2025.
- Participación no grupo de traballo do Comité Español de Programa MaB (subgrupo de “desenvolvemento da investigación e compartir coñecementos e leccións aprendidas da RMRB para facilitar a vida en harmonía coa natureza, en consonancia cos ODS, e inspirar e influír en futuros sostibles e nos acordos posteriores a 2030”) para a elaboración do Plan de Acción da Rede Española de Reservas da Biosfera 2026–2035 a través de reunións on–line celebradas o 4 e o 28 de novembro de 2025.

Rede de Reservas da Biosfera de Galicia

- Asistencia á reunión ordinaria do Comité de Coordinación da Rede de Reservas da Biosfera de Galicia o 4 de febreiro de 2025 na Sala do Pleno do Consello Económico e Social de Galicia, en Santiago de Compostela.
- Asistencia á reunión do Comité de Coordinación de Reservas da Biosfera de Galicia para a redacción do Plan Estratéxico da Rede de Reservas de Biosfera de Galicia os días 16 e 17 de xuño de 2025 no Centro de Extensión Universitaria e Divulgación Ambiental de Galicia (CEIDA) no Castelo de Santa Cruz en Oleiros.